



Resolución RA 3/2026 Impugnación Pompas Fúnebres de Arosa, S.L. do acordo de desagregación no Expediente S 1/2024 Servizo de transporte de cadáveres.

En Pleno.

D. Ignacio López-Chaves Castro, presidente

D. Daniel Neira Barral, secretario/vogal

Dna. María Teresa Cancelo Márquez, vogal

En Santiago de Compostela, ao 8 de xaneiro de 2026.

O Pleno da Comisión Galega da Competencia (en diante CGC) coa composición arriba indicada e sendo relator Ignacio López-Chaves Castro dita a presente Resolución pola que se resolve o recurso do art. 47 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (en diante LDC) interposto por Pompas Fúnebres de Arosa, S.L. contra a decisión da Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia (en diante SUBDIC) do 7 de outubro de 2025 pola que se acordou a desagregación do expediente sancionador S 1/2024: Servizo de transporte de cadáveres nos expedientes S 1.1/2024 Servizo de transporte de cadáveres na área territorial de Santiago de Compostela e S 1.2/2024 Servizo de transporte de cadáveres nas áreas territoriais de Vigo e Pontevedra.



1.- ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. - En data 24 de outubro de 2025 D. Eduardo José Martínez Torrado, con D.N.I. *****

* actuando en nome e representación de Pompas Fúnebres de Arosa, S.L. con C.I.F. B-36025765, presentou escrito polo que interpoñía recurso en virtude do artigo 47 da Lei de Defensa da Competencia (en diante LDC) e dos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPAC) contra a decisión da SUBDIC do 7 de outubro de 2025 pola que se acordou a desagregación do expediente sancionador S 1/2024: Servizo de transporte de cadáveres nos seguintes expedientes: S 1.1/2024 Servizo de transporte de cadáveres na área territorial de Santiago de Compostela e S 1.2/2024 Servizo de transporte de cadáveres nas áreas territoriais de Vigo e Pontevedra.

Na referida decisión a SUBDIC acorda:

"A desagregación do expediente sancionador S 1/2024: Servizo de transporte de cadáveres nos seguintes expedientes:

•S 1.1/2024 Servizo de transporte de cadáveres na área territorial de Santiago de Compostela.

No que teñen consideración de investigadas as mercantís «Funeraria Casablanca, S.L.» (B15628928), «Pompas Fúnebres del Noroeste, S.A.» (A15399454), «Cardelle-Vaz&Rey, S.L.» (B70606603) que conforman a UTE TRANSJUCA.

•S 1.2/2024 Servizo de transporte de cadáveres nas áreas territoriais de Vigo e Pontevedra.

No que teñen consideración de investigadas as mercantís «Pompas Fúnebres del Atlántico, S.A.» (A36831147), «Sepelios San Marcos, S.L.» (B27705995), «Pompas Fúnebres de Arosa, S.L.» (B36025765) e «Pompas Fúnebres Santa Tegra, S.L.» (B36321230) que conforman a UTE INTEGRAL GALAICA.

O presente acordo adóptase ao apreciar a existencia de indicios racionais dunha posible conduta prohibida polo artigo 1 LDC atribuíble ás empresas que conforman os grupos



de UTEs citadas e co obxecto de examinar as súas condutas de forma independente a prol de protexer adecuadamente a confidencialidade da documentación correspondente a cada unha delas.

O acordo adóptase con base no establecido polo artigo 29 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia e en exercicio das facultades conferidas a esta SUBDIC polo artigo 36.2., letra a), dos Estatutos do Instituto Galego de Consumo e Competencia, recollidos no Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o Instituto Galego do Consumo e da Competencia e se aproban os seus estatutos.

Actúa como instrutor do expediente o Subdirector de Investigación, Jesús Manuel Lamas Barja. O réxime de recusación é o establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

De acordo ao previsto no artigo 36.1 LDC, o prazo máximo de resolución do expediente sancionador será de vinte e catro meses contado desde a data do acordo de incoación inicial.

Ao longo da instrución as partes e os interesados poderán formular alegacións e propoñer a práctica das probas que estimen pertinentes, así como acceder ao expediente e obter copias individualizadas dos documentos que o integran - fóra dos segredos comerciais doutros interesados ou de terceiros, e de calquera outra información confidencial- nas dependencias da Comisión Galega da Competencia nos termos previstos nos artigos 31 e 32 do RDLDC.

Así mesmo, terá a condición de interesada no procedemento sancionador a Dirección de Competencia, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, conforme ao previsto no Artigo 5.3 da xa citada Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de Coordinación das Competencias do Estado e as comunidades autónomas en materia de Defensa da Competencia."



Segundo. – Con data 31 de outubro de 2025 o Pleno da CGC unha vez acreditado que o recurso fora interposto en prazo, acordou requirir á SUBDIC que conforme ao previsto no art. 47 da LDC remitise no prazo de cinco días copia do Expediente S 1/2024: Servizo de transporte de cadáveres así como o Informe previsto no art. 24 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia (en diante RDC). Así mesmo acordou que unha vez recibido o referido expediente se lle dese traslado do mesmo aos interesados e do recurso conforme ao previsto no art. 47 da LDC e o art. 24 do RDC.

Estes acordos foron notificados aos interesados.

Terceiro.– Con data 14 de novembro de 2025 a SUBDIC remitiu ao Pleno o Informe previsto no art. 24 do RDC así como copia completa do expediente S 1/2024: Servizo de transporte de cadáveres que foron notificados e postos ao dispor dos interesados.

Cuarto.– Con data 10 de decembro de 2025, POMPAS FUNEBRES DEL ATLANTICO, S.A. presentou escrito de alegacións ao Informe da SUBDIC do 14 de novembro de 2025.

Quinto.– Con data 15 de decembro de 2025, POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L. presentou escrito de alegacións ao Informe da SUBDIC do 14 de novembro de 2025.

Sexto.– Con data 8 de xaneiro de 2026 o Pleno reuniuse para deliberar e aprobar esta Resolución.

2. FUNDAMENTOS DE DEREITO

2.1.- Obxecto da Resolución, pretensións da recorrente e motivos do recurso

2.1.1.- Obxecto da Resolución

Na presente Resolución este Pleno deberá pronunciarse sobre o recurso do art. 47 da LDC interposto por Pompas Fúnebres de Arosa, S.L. contra a decisión da Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia (en diante SUBDIC) do 7 de outubro de 2025 pola que se acordou a desagregación do expediente sancionador S 1/2024: Servizo de transporte de cadáveres nos expedientes S 1.1/2024 Servizo de transporte de cadáveres na área territorial



de Santiago de Compostela e S 1.2/2024 Servizo de transporte de cadáveres nas áreas territoriais de Vigo e Pontevedra.

Como sinala a SUBDIC no seu Informe do 14 de novembro que "Resulta relevante que, aínda que, a recorrente cualifica o recurso como "RECURSO DE REPOSICIÓN" esta SUBDIC entende que, neste caso, non nos atopamos ante os recursos regulados na Lei 39/2015, senón ante o único recurso administrativo previsto pola LDC contra os actos ditados polo órgano instructor en materia de defensa da competencia."

2.1.2.- Pretensións do recorrente

Pompas Fúnebres de Arosa, S.L. solicita que se declare a nulidade de pleno dereito do acto impugnado e de todas as actuacións derivadas do expediente S 1/2024, arquivando o mesmo e subsidiariamente se declare a anulabilidade do acto recorrido retrotraendo o procedemento ao momento anterior á vulneración procedementa.

2.1.3.- Motivos do recurso

Alega Pompas Fúnebres de Arosa, S.L. no seu escrito vulneración do principio de separación entre órgano instructor e sancionador e infracción dos art. 63 e 64 da LPAC e afirma que non se garantiu "(...) a debida separación entre a fase instrutora e a sancionadora, que se encomendarán a órganos distintos". Considera que "Este defecto procedementa é esencial e determinante de nulidade, posto que afecta as garantías básicas de defensa e contradición, recoñecidas tamén no artigo 24 da Constitución Española."

Alega nulidade de pleno dereito do acto recorrido pola omisión da separación entre instructor e órgano decisor e que "Aínda que a vulneración alegada comporta nulidade de pleno dereito, subsidiariamente procede declarar a anulabilidade do acto recorrido conforme o artigo 48.1 da Lei 39/2015, por infracción do ordenamento xurídico e desviación de poder, ao non respectarse as garantías mínimas esixibles en procedementos desta natureza"

Non fai mención a prexuízos irreparables.

2.2.- Informe da subdirección de investigación e alegacións.



2.2.1.- Informe da subdirección de investigación

A subdirección de investigación (SUBDIC) propón que o recurso sexa inadmitido xa que sinala que

“(…) que non se produciría indefensión da recorrente, co que o recurso interposto por POMPAS FUNEBRES DE AROSA S.L., non reuniría os requisitos esixidos polo artigo 47 da LDC, e, en consecuencia, debe ser inadmitido de plano.”

2.2.2.- Alegacións

Unicamente presenta alegacións ao Informe da SUBDIC do 14 de novembro a empresa POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A. e POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA, S.L., non presentando alegacións a ese Informe a recorrente POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L..

2.2.2.1.- Alegacións de POMPAS FÚNEBRES DEL ATLÁNTICO, S.A.

No seu escrito de alegacións ao informe da SUBDIC unicamente indica que a empresa se adhire ao recurso presentado por “POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L.”.

2.2.2.2.- Alegacións de POMPAS FÚNEBRES SANTA TEGRA S.L.

No seu escrito de alegacións ao informe da SUBDIC unicamente indica que a empresa se adhire ao recurso presentado por “POMPAS FÚNEBRES DE AROSA SL.”.

2.3.- Natureza do recurso

A Sección 4.^a do Capítulo I do Título IV da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia regula no artigo 47 a posibilidade de presentar recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados polo órgano de instrución, establecendo que:

“Artigo 47. Recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación.



1. *As resolucións e actos da Dirección de Investigación que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos serán recorribles ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia no prazo de dez días.*
2. *O Consello inadmitirá sen máis trámite os recursos interpostos fóra de prazo.*
3. *Recibido o recurso, o Consello poñerá de manifesto o expediente para que as partes formulen alegacións no prazo de quince días."*

O Tribunal Supremo na súa sentenza do 16 de novembro de 2018 (recurso 2781/2016) no seu Fundamento de Dereito Primeiro, afirma en relación co art. 47 LDC que:

"Esta previsión específica constitúe unha aplicación do disposto, con carácter xeral, no artigo 107.2 da Lei 30/1992 no ámbito sectorial da defensa da competencia. Prevese un recurso administrativo especial e extraordinario xa que unicamente procede por motivos taxados, isto é, sempre e cando se trate de resolucións que produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos dos interesados."

Conforme a iso, os actos e resolucións da SUBDIC que produzan indefensión ou prexuízo irreparable poderán ser recorridos ante o Pleno da CGC, de tal maneira que este recurso só poderá ser admisible por algunha desas dúas razóns: *"cando se trate de resolucións que produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos dos interesados"*. A sentenza do Tribunal Supremo do 30 de setembro de 2013 (recurso de casación 5606/2010) xa manifestara este extremo ao advertir que os motivos de impugnación fronte a actuacións da Dirección de Competencia (no noso caso a SUBDIC) deben estar baseados unicamente na indefensión ou o prexuízo irreparable que os actos recorridos poidan causar a dereitos ou intereses lexítimos, e non en ningún outro motivo, e así no seu Fundamento de Dereito Segundo afirma que:

"(...) En efecto, a vía a través da cal é posible a impugnación "anticipada" das resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación é precisamente, na nova Lei 15/2007, de Defensa da Competencia, a establecida no seu artigo 47.1, isto é, o recurso (interno) fronte a unhas e outros ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia. Pero non se trata dunha vía que abra a posibilidade a calquera impugnación e por calquera motivo senón



exclusivamente a daqueles actos ou resolucións aos que se impute causar indefensión ou provocar "prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos".

No mesmo sentido STS do 21 de novembro de 2014 (recurso de casación 4041/2011) sinala, como xa fixera a sentenza do 30 de setembro de 2013, que:

"(...) Quérese dicir, pois, que tanto o Consello da Comisión Nacional da Competencia como, eventualmente, a Sala da Audiencia Nacional ao xulgar sobre as decisións deste, deben limitarse a revisar os devanditos actos e resolucións da Dirección de Investigación unicamente desde aquela dobre perspectiva. Non é que o axuizamento de tales actos e resolucións quede así impedido senón simplemente, como sucede co resto de actos de trámite ou de instrución dos procedementos sancionadores, diferido ao momento en que recaia a decisión final do procedemento. Será entón cando a parte poida invocar calquera motivo de nulidade das resolucións finais por derivar de actos previos viciados. Pero, repetimos, non cabe no recurso administrativo previsto polo artigo 47.1 da Lei 15/2007 examinar senón a concorrencia das dúas circunstancias que motivaron a súa implantación, isto é, comprobar se as resolucións e actos da Dirección de Investigación produciron indefensión ou ocasionaron prexuízos irreparables. O resto de motivos impugnatorios eventualmente opoñibles fronte a aqueles actos queda reservado, repetimos, ao axuizamento da resolución final do expediente sancionador."

Este mesmo criterio recóllese na sentenza da Audiencia Nacional do 4 de novembro de 2025 (Recurso 1344/2019) que no seu Fundamento de Dereito Terceiro afirma, consonte a citada xurisprudencia do TS que cita, que:

"TERCEIRO.- Sobre os requisitos do artigo 47 da LDC.

Conforme ao sinalado no artigo 47 da LDC, a adopción dunha decisión respecto do recurso interposto por VODAFONE, supón verificar se o acordo da DC do 19 de febreiro de 2019, polo que se denega a condición de interesado de Vodafone no expediente de vixilancia VC/0612/12 TELEFÓNICA/DTS, é susceptible de ocasionar indefensión ou prexuízo irreparable ao recorrente, o que implicaría a estimación do recurso.



Tal e como expresou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo nas súas sentenzas do 30 de setembro de 2013 (recurso 5606/2010) e 21 de novembro de 2014 (recurso 4041/2011), o artigo 47 da LDC non abre a posibilidade a calquera impugnación e por calquera motivo senón exclusivamente a daqueles actos ou resolucións aos que se impute causar indefensión ou provocar "prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos" (e continúa coa cita expresa da sentenza do TS do 21 de novembro de 2014 á que nos referimos)

Da mesma maneira pronunciouse a CNMC na súa Resolución do 9 de xaneiro de 2020 ditada no Expte. R/AJ/131/19, FACTOR IDEAS INTEGRAL SERVICES ao sinalar que: *"Tal e como expresou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo nas súas sentenzas do 30 de setembro de 2013 (recurso 5606/2010) e 21 de novembro de 2014 (recurso 4041/2011), o artigo 47 da LDC non abre a posibilidade a calquera impugnación e por calquera motivo, senón exclusivamente a daqueles actos ou resolucións aos que se impute causar indefensión ou provocar "prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos". Por iso, para o Tribunal Supremo "tanto o Consello da Comisión Nacional da Competencia como, eventualmente, a Sala da Audiencia Nacional ao xulgar sobre as decisións deste, deben limitarse a revisar os devanditos actos e resolucións da Dirección de Investigación unicamente desde aquela dobre perspectiva. Non é que o axuízamento de tales actos e resolucións quede así impedido senón simplemente, como sucede co resto de actos de trámite ou de instrución dos procedementos sancionadores, diferido ao momento en que recaia a decisión final do procedemento. Será entón cando a parte poida invocar calquera motivo de nulidade das resolucións finais por derivar de actos previos viciados"*

Igualmente a CNMC na súa Resolución do 28 de abril de 2025 ditada no Expte. R/AJ/031/25 COCOO volve a Autoridade Nacional de Competencia a declarar que:

"(18) O artigo 47 da LDC regula o recurso administrativo previsto contra as resolucións e actos ditados pola DC dispoñendo que: "As resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación [hoxe Dirección de Competencia] que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos serán recorribles ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia [hoxe Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia] no prazo de dez días".



(19) A prosperabilidade do recurso esixe que o mesmo estea baseado en motivos de indefensión e prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos, polo que o recorrente deberá alegar e demostrar a concorrencia de, polo menos, un dos requisitos"

Non estamos, pois, ante os recursos regulados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, senón ante o único recurso administrativo previsto pola LDC contra os actos ditados polo órgano instrutor en materia de defensa da competencia (neste caso, a SUBDIC). O artigo 47 da LDC regula o recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados pola SUBDIC que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. A xa mencionada sentenza do Tribunal Supremo do 30 de setembro de 2013 advirte de que os motivos de impugnación fronte a actuacións da Dirección de Investigación deben estar baseados unicamente na indefensión ou o prexuízo irreparable que os actos ou acordos que se recorren poidan causar a dereitos ou intereses lexítimos, e non en ningún outro motivo xa que como vimos, manifesta textualmente o TS que:

"(...) non se trata dunha vía que abra a posibilidade a calquera impugnación e por calquera motivo senón exclusivamente a daqueles actos ou resolucións aos que se impute causar indefensión ou provocar "prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos".

Por tanto, neste recurso examínase se na actuación recorrida a SUBDIC causou indefensión e/ou un prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos de POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L.. Esta empresa unicamente alegou no recurso indefensión.

2.4.- Cuestión previa: procedemento sancionador en expedientes por infracción da LDC.

O acto impugnado por POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. é o acordo con data do 7 de outubro de 2025 adoptado pola SUBDIC polo que se acordou a desagregación do expediente sancionador S 1/2024: Servizo de transporte de cadáveres"

Como consta no expediente e no texto do acordo da SUBDIC do 7 de outubro de 2025, neste expediente tras a correspondente denuncia de indicios de prácticas colusorias realizada ao amparo do artigo 150.1 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), a SUBDIC emitiu informe sobre o carácter fundado dos devanditos indicios e tras a correspondente información



reservada (IR 2-2024: UTES TRANSPORTES DE CADÁVERES), consonte o previsto no art. 1 da Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, asígnouse a análise dos feitos aos órganos de Defensa da Competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con data 30 de agosto de 2024, a SUBDIC acorda incoar un único expediente sancionador, identificado como S 1/2024 SERVIZO DE TRANSPORTES DE CADÁVERES, contra diversas empresas. No marco da instrución dese expediente S 1/2024, a SUBDIC, tras efectuar varios requirimentos de documentación ao órgano de contratación e ás mercantís que constituíron a UTE TRANSJUCA e a UTE INTEGRAL GALAICA, concluíu que a natureza dos feitos facía necesaria a tramitación de procedementos independentes dado que nas condutas de ambos os grupos de UTES non se apreciaba unha unidade de propósito anticompetitivo e por tanto debían ser analizadas de forma unilateral cada unha delas.

Por ese motivo a SUBDIC, con data 7 de outubro de 2025, acordou a desagregación do expediente sancionador S 1/2024: “Servizo de transporte de cadáveres” en dous expedientes: S 1.1/2024 Servizo de transporte de cadáveres na área territorial de Santiago de Compostela e S 1.2/2024 Servizo de transporte de cadáveres nas áreas territoriais de Vigo e Pontevedra.

Esa desagregación é o que entende POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. que infrinxiu os artigos 63 e 64 LPAC, insertos no Capítulo II “Iniciación do procedemento” do Título IV “Das disposicións sobre o procedemento común” da referida Lei, e lle ocasionou indefensión.

Hai que sinalar que a LDC contén no seu Capítulo II do Título IV a regulación do procedemento sancionador en materia da competencia, e que inclúe no mesmo aos artigos 49 a 54. Tamén o RDC regula no seu Título II (“Dos procedementos en materia de defensa da competencia) e mais concretamente no Capítulo II do mesmo, o procedemento sancionador en materia de condutas prohibidas. Dentro deste capítulo o art. 29 RDC dispón que:

“A Dirección de Investigación, por propia iniciativa ou por instancia dos interesados, poderá dispoñer a acumulación de expedientes cando entre eles exista unha conexión directa, así como a súa desagregación cando a natureza dos feitos denunciados faga necesaria a tramitación de procedementos independentes.”



A SUBDIC indica no seu acordo do 7 de outubro de 2025 que a desagregación vén xustificada pola natureza dos feitos que facía necesaria a tramitación de procedementos independentes dado que nas condutas dos dous grupos de UTEs investigados non se apreciaba unha unidade de propósito anticompetitivo e, por tanto, estimou que debían ser analizadas de forma unilateral cada unha desas actuacións e por ese motivo acordou a desagregación do expediente sancionador S 1/2024: Servizo de transporte de cadáveres.

A CNMC na súa Resolución do 4 de decembro de 2018, R/AJ/093/18, VAILLANT ESPAÑA, ao analizar a natureza do recurso interposto afirma o seguinte:

«Antes de analizar as concretas pretensións do recorrente, resulta necesario aclarar a natureza do recurso sobre o que se dita a presente resolución.

Como aclara a Audiencia Nacional en sentenza do 18 de maio de 2011: "O Tribunal Supremo en múltiples sentenzas nas que se interpreta a aplicación supletoria da Lei 30/1992 ao procedemento administrativo de Defensa da Competencia (entre outras as sentenzas de 26-IV-2005, 11-XI-2005 e 24-15 2006) estableceu que a supletoriedade da devandita lei en relación coa Lei de Defensa da Competencia significa que é aplicable no que sexa compatible coa natureza dos procedementos regulados na LDC".

Tamén sinala a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de maio de 2024 (PO 7172/2023) en relación co procedemento aplicable na tramitación dun expediente sancionador por infracción dos artigos 1, 2 e 3 da LDC

"(...) contra o cal tan só cabería formular as alegacións contempladas no artigo 76.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (tamén é un acto de trámite o acordo de denegar a proba -STS de 27.02.12, rec 56/2010-), no presente caso, onde se tramitaba un procedemento sancionador pola posible comisión das infraccións contempladas nos artigos 1 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, o que se aplicaba era esta lei e non aquela, aínda que sería supletoria en aspectos alleos a aquel procedemento, consonte ao disposto nos seus artigos 45 e 70.1."ten que volverse ao que se indicou no terceiro fundamento de dereito, á mantenta de que os artigos 45 e 70.1 da LDC deixan claro que o procedemento para impoñer sancións pola comisión de infraccións relacionadas cos

seus artigos 1 e 3 (o que era o caso), haberán de seguir os trámites contemplados nesa lei especial e non na do procedemento administrativo sancionador común. Pois ben, non son idénticos os trámites e formalidades que cada unha desas leis contemplan para os efectos que aquí interesan.

“(…) ten que volverse ao que se indicou no terceiro fundamento de dereito, á mantenta de que os artigos 45 e 70.1 da LDC deixan claro que o procedemento para impoñer sancións pola comisión de infraccións relacionadas cos seus artigos 1 e 3 (o que era o caso), haberán de seguir os trámites contemplados nesa lei especial e non na do procedemento administrativo sancionador común.”

Polo tanto, seguíronse por parte da SUBDIC neste procedemento, todos os trámites previstos tanto na LDC como no RDC na incoación, na designación de instrutor, na desagregación e na separación das fases de instrución e resolución, continuando o mesmo en fase de instrución e sen que existise na actuación da SUBDIC infracción algunha das devanditas disposicións nin do principio de separación entre órgano instrutor e sancionador.

2.5 Procedencia ou improcedencia da estimación do recurso

Para determinar se procede ou non a estimación do recurso corresponde ver se se produciu no Acordo de desagregación da SUBDIC indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos de POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L..

2.5.1. Inexistencia de indefensión:

Sinala a SUBDIC no seu Informe do 14 de novembro de 2025 que

“A recorrente presenta como petición a nulidade do acordo de desagregación do expediente sancionador. Para iso, solicita do Pleno da CGC que dite nova resolución declarando a nulidade da impugnada, por ser contraria a Dereito, arquivando o expediente sancionador

Alega causa de indefensión polos motivos referidos no apartado 2.1. Obxecto do recurso e pretensións da recorrente *“(…) por atentar a dereitos fundamentais de defensa, causando a indefensión, da afectada/investigada, entre outros o artigo 24 CE (...)”*



En consecuencia fundamenta o recurso só nun dos motivos de impugnación citados polo artigo 47 LDC: A existencia de indefensión.

Como vimos, POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. solicita que se declare a nulidade de pleno dereito do acto impugnado e de todas as actuacións derivadas do expediente S 1/2024, arquivando o mesmo e subsidiariamente se declare a anulabilidade do acto recorrido retrotraendo o procedemento ao momento anterior á vulneración procedemental.

O acto impugnado é o acordo con data do 7 de outubro de 2025 adoptado pola SUBDIC polo que se acordou a desagregación do expediente sancionador S 1/2024: Servizo de transporte de cadáveres”.

Afirma a SUBDIC no seu informe do 14 de novembro de 2025 que:

“O recurso do artigo 47 da LDC unicamente será admisible cando se aprecie que ao recorrente non se lle deu unha resposta motivada, de xeito que o interesado non coñeceu as razóns da denegación e viu diminuído por iso o seu dereito de defensa, circunstancias que non concorren no presente caso.

O Tribunal Supremo, nos seus pronunciamentos sobre a cuestión puxo de manifesto que ao tratarse dunha facultade discrecional da Dirección de Competencia (no noso caso da SUBDIC), esta só poderá reputarse arbitraria, e polo tanto xeradora de indefensión, cando non se cumpra coas esixencias mínimas de motivación.”

E continúa sinalando que:

“En consecuencia, o acordo da SUBDIC de 07.10.25 polo que se desagrega o expediente S 1/2024 facilita ao actor todos os elementos de xuízo con base nos que a SUBDIC fundamentou o acordo, polo que puido exercer plenamente os seus dereitos e impide admitir a indefensión como causa do presente recurso.

En efecto, como se detalla na parte expositiva do acordo impugnado, no marco da instrución do expediente S 1/2024, a SUBDIC efectuou requirimentos de documentación ao órgano de contratación e ás mercantís que constituíron as UTE TRANSJUCA e as UTE INTEGRAL GALAICA á vista das cales concluíu que a natureza dos feitos fai necesaria a



tramitación de procedementos independentes dado que, nas condutas de ambos os grupos de UTES, non se aprecia unha unidade de propósito anticompetitivo e por tanto deben ser analizadas individualmente.

Como consecuencia a SUBDIC acordou a desagregación do expediente sancionador S 1/2024: Servizo de transporte de cadáveres nos seguintes expedientes:

- S 1.1/2024 Servizo de transporte de cadáveres na área territorial de Santiago de Compostela.
- S 1.2/2024 Servizo de transporte de cadáveres nas áreas territoriais de Vigo e Pontevedra.

O acordo é compatible co principio de responsabilidade persoal nas sancións administrativas e non lesiona os dereitos dos investigados, pola contra concede maiores garantías de confidencialidade á documentación obrante no expediente dado que contén información sensible e datos persoais de persoas falecidas.

A corrección formal e substantiva da actuación administrativa, que agora se recorre, impide considerar que se produciu vulneración algunha de dereitos fundamentais. "

A doutrina da CNMC e da extintas Comisión Nacional da Competencia (CNC) e do Tribunal da Competencia (TDC) respecto á indefensión alegada pola vía do art. 47 da LDC é reiterada e constante, baseándose en todos os casos na xurisprudencia do Tribunal Constitucional (TC) sobre o art. 24 da Constitución. Neste sentido podemos citar a Resolución do 10 de decembro de 2009 (Expte. R/0029/09, ECOVIDRIO) no que, ante a alegación de indefensión nun recurso do art. 47 a CNMC afirma que:

"Polo que se refire á indefensión, este Consello e o seu antecesor o Tribunal de Defensa da Competencia reiteraron en múltiples Resolucións de recursos que "o Tribunal Constitucional ten establecido que por indefensión ha de entenderse o impedir a unha parte nun proceso ou procedemento o exercicio do dereito de defensa, privándolle de exercitar a súa potestade de alegar e xustificar os seus dereitos e intereses, sinalando que a indefensión á que se refire o art. 24.1 da Constitución Española é só aquela que



produza un real e efectivo menoscabo do dereito de defensa da parte. Por iso, o Tribunal Constitucional sinalou que non se dá indefensión cando existiu a posibilidade de defenderse en termos reais e efectivos ou cando non se chegou a producir efectivo e real menoscabo do dereito de defensa.”

Noutra Resolución da CNMC do 8 de marzo de 2023- Expediente CEPSA R/AJ/141/22, ante un recurso do art. 47 da LDC no que se alegou indefensión, sinalouse que é doutrina do Tribunal Constitucional que para apreciar a existencia da mesma non abonda con que se produza unha transgresión formal das normas, senón que é necesario que tal vulneración se traduza nunha privación, limitación, menoscabo ou negación real, efectiva e actual do dereito de defensa, nunca potencial ou abstracta. Isto é, unha indefensión material. Nestes mesmos termos volve expresar a Sala de Competencia da CNMC na recente Resolución do 27 de setembro de 2023 Expediente ENDESA SA. E OUTRAS R/AJ/058/23.

A sentenza do Tribunal Constitucional 15/1995, do 24 de xaneiro de 1995 ao determinar o que se debe de entender como esa “indefensión material” manifestou que:

“(…) En definitiva, a indefensión, que se concibe constitucionalmente como a negación da tutela xudicial e para cuxa prevención se configuran os demais dereitos instrumentais contidos no art. 24 da Constitución, ha de ser algo real, efectivo e actual, nunca potencial ou abstracto, por colocar á súa vítima nunha situación concreta que lle produza un prexuízo, sen que lle sexa equiparable calquera expectativa dun perigo ou risco (SSTC 181/1994 e 314/1994, 28 novembro rec. 1019/91). Por iso falamos sempre de indefensión “material”.

5. Esta dáse, no caso ante nós, desde o momento en que foi absoluta e plena, privando aos comparecentes do seu dereito para ser oídos, a utilizar os medios probatorios adecuados pertinentes se a iso houberse lugar, a coñecer os motivos manexados na demanda contra o seu nomeamento e a ter a oportunidade de rebatelos na contestación á demanda, onde ademais puidesen pedir o recibimento a proba e utilizar a pertinente, se a iso houberse lugar. En resumo, o principio de contradición procesual foi preterido e sen el, con todo o demais que se dixo máis atrás, mal pode falarse neste caso dun proceso con todas as garantías.(…)”.



Esta mesma idea reitérase polo TC entre outras na a súa Sentenza 210/1999, do 29 de novembro no seu Fundamento xurídico 3 ao declarar que:

“En efecto, dixemos reiteradamente que a indefensión constitucionalmente relevante é a situación en que, en xeral, tras a infracción dunha norma procesual, impídese a algunha das partes o dereito á defensa, eliminando ou limitando a súa potestade, ben de alegar dereitos e intereses para que lle sexan recoñecidos, ou ben de replicar dialecticamente as posicións contrarias no exercicio do principio de contradición (por todas SSTC 89/1986, fundamento xurídico 2.º o 145/1990, fundamento xurídico 3.º), e que esta indefensión ha de ter un carácter material e non meramente formal, o que implica que non é suficiente coa existencia dun defecto ou infracción procesual, senón que debe producirse un efectivo e real menoscabo do dereito de defensa (SSTC 90/1988, fundamento xurídico 2.º e 26/1999, fundamento xurídico 3.º)”

É dicir, a indefensión á que se refire o artigo 24 da Constitución Española é só aquela que produza un real e efectivo menoscabo do dereito de defensa e que, seguindo de novo a xurisprudencia Constitucional, *“non pode afirmarse que se produciu indefensión se existiu posibilidade de defenderse en termos reais e efectivos”* (Sentenza do TC 98/1987, Fundamento Xurídico 3). E por iso sinala que *“(…) o constitucionalmente decisivo desde as coordenadas procesuais esenciais que esixe o art. 24 C.E., é se o suxeito puido alegar e probar o que estimase por conveniente en relación con todos os aspectos esenciais do conflito no que se acha inmerso e que van ser obxecto de pronunciamento xudicial.”* (Sentenza do TC 144/1996, Fundamento Xurídico 4)

De tal maneira que a indefensión se produce cando o interesado non tivo a posibilidade de defenderse en termos reais e efectivos ou cando se chegou a producir efectivo e real menoscabo do dereito de defensa, o que neste expediente respecto de POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. non existiu. Ademais o acordo da SUBDIC do 7 de outubro de 2025 polo que se desagrega o expediente S 1/2024 facilita a POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. todos os elementos de xuízo con base nos que a SUBDIC fundamentou ese acordo, polo que puido exercer plenamente os seus dereitos e impide admitir a indefensión como causa do presente recurso.

Á vista do anterior, non resulta posible apreciar que o acordo de desagregación recorrida poida causar indefensión a POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L.

2.5.2. Inexistencia de prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos:

En canto ao segundo dos requisitos esixidos polo artigo 47 LDC para que puidese prosperar o recurso, isto é, a existencia dun prexuízo irreparable cabe lembrar que POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. non alegou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos nin, por tanto, nin describiu nin cuantificou os mesmos, o que este Pleno tampouco pode apreciar.

Por todo os argumentos expostos nos puntos anteriores e non reunindo os requisitos esixidos polo artigo 47 da LDC, este Pleno entende que o recurso examinado na presente resolución debe ser desestimado.

Na súa virtude, visto todo o anterior, os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, o Pleno da Comisión Galega da Competencia

RESOLVEU

ÚNICO.- Desestimar o recurso do art. 47 da LDC presentado por POMPAS FÚNEBRES DE AROSA S.L. contra o acordo da SUBDIC do 7 de outubro de 2025 no que se acordou a desagregación do expediente sancionador S 1/2024: Servizo de transporte de cadáveres.

Comuníquese esta Resolución á Subdirección Xeral de Investigación da Comisión Galega da Competencia e notifíqueselle aos interesados, facéndolles saber que contra esta non cabe recurso ningún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde a súa notificación.